



FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL  
*Una manera de hacer Europa*

Unión Europea



Concello de  
PONTEAREAS

## DECRETO DE ALCALDÍA

### APROBACIÓN DE BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO PROXECTO “EDUSI: PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A INSERCIÓN PROFESIONAL DE COLECTIVOS EN RISCO”

#### **Primeira.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos que se aplicarán no proceso de selección do alumnado participante no citado programa, promovido pola Concellería de Emprendemento, Innovación e Desenvolvemento Empresarial, quen actúa como unidade executora da operación “EDUSI, OPERACIÓN: OT.09\_OE.9.8.2\_L12 HÁBITAT INTEGRADOR, MEJORA DE LA EMPLEABILIDAD DE COLECTIVOS EN RIESGO A TRAVÉS DE LA CAPACITACIÓN PARA EL TRABAJO” (exp. 10177/2021), para impulsar un programa de formación e capacitación para a inserción profesional de colectivos en risco.

As prazas de alumnado que se convocan son:

#### MÓDULOS E CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

10 prazas en: CERTIFICADO DE LIMPEZA DE SUPERFICIES E MOBILIARIO EN  
EDIFICIOS E LOCAIS, de 230 horas e nivel 1.

10 prazas en: MÓDULO DE SOLDADURA OXIGÁS E MIG MAG, de 200 horas e  
nivel 2.

10 prazas en: MÓDULO DE INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE SANITARIOS E  
ELEMENTOS DE CLIMATIZACIÓN DOMÉSTICA, de 180 horas e nivel 1.

#### CARNÉ DE CONDUCIR

10 prazas en CARNÉ DE DONCUCIR B-1, sin nivel.

#### **Segunda.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

As persoas interesadas en participar nas accións formativas, deberán cumprir os requisitos de acceso establecidos para cada una de elas. Estes requisitos deberán cumprirse no derradeiro día de prazo de presentación da solicitude así como no de incorporación a acción formativa.





### a) REQUISITOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN:

1. Ter nacionalidade española ou ser nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

2. Posuír a capacidade funcional, así como a capacidade física, para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir e o desenvolvemento das prácticas formativas.

3. Presentar a solicitude de participación no prazo legal establecido.

### b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter 18 ou máis anos de idade.

2. Estar desempregado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

3. Dado que a formación a impartir no programa, vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade e módulos de **nivel de cualificación 1 ou 2, deberase cumprir cos requisitos de acceso**, sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

Para o **nivel 1**, non son necesarios requisitos académicos nin profesionais, pero deberá posuír as habilidades de comunicación lingüística suficientes que permitan o aprendizaxe.

Para o **nivel 2**, deberase cumprir algún dos seguintes requisitos:

- \* Titulo de Grao en ESO. Certificado de Profesionalidade de nivel 2.
- \* Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- \* Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grado medio ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso.
- \* Ter superada a proba de acceso a universidade de maiores de 25 anos e/ou 45





anos.

- \* Ter as competencias clave necesarias, de acordo co recollido no anexo IV do RD 34/2008, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade

### **Terceira.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO.**

1. As persoas interesadas en participar nas acción formativas deberán presentar cuberto o modelo de solicitude que figura no ANEXO I, achegando co mesmo a relación de documentos esixidos para tal fin.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 3 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no taboleiro do concello e na páxina web municipal [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal). Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

3. A presentación da solicitude, pode facerse do seguintes xeitos: Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas, de lúns a venres de 9 a 13 horas, ou ben en calquera dos formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

4. Documentación complementaria. Xunto coa solicitude, deberá pesentarse a seguinte documentación en copia simple:

- \* Documento de identificación (DNI, NIE...).
- \* Tarxeta de demandante de emprego.
- \* Documentación académica do nivel de acceso para os certificados de nivel 2.
- \* Documentación acreditativa do grao de discapacidade no seu caso.
- \* Vida laboral actualizada. (Aos aspirantes que faciliten o seu movil tramitaráselle on line de oficio mediante SMS.
- \* Informe de Servizos Sociais como persoa pertencente a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social. (Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral). Tramitarse de Oficio polo Concello.
- \*Anexo II Declaración Xurada

5. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada destas bases de selección.

### **Cuarta.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos.





2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 24 horas, contados a partir do momento da publicación da lista provisional, para enmendar, no seu caso, a causa da exclusión, presentando as alegacións oportunas. Unha vez feita a valoración das alegacións, publicarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

As publicacións das listas farase no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do mesmo [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

3. Contra a lista definitiva poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes (artigo 124 lei 39/2015) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 46 lei 29/98).

### Quinta.-PROCEDEMENTO SELECTIVO.

O Procedemento selectivo consistirá na obtención dunha puntuación total resultante da suma das puntuación obtidas da aplicación bo baremo 1 e os criterios de inclusión social (cargas familiares).

#### BAREMO 1

##### 1.- MULLERES

- En xeral .....1 punto

##### 2.- IDADE

- 45 ou máis ..... 4 puntos
- 30 - 44 anos ..... 3 puntos
- 18 - 29 anos .....2 puntos

##### 3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía  $\geq 33\%$  .....1 punto  
(Sempre que poidan realizar os traballos)

##### 4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Non perceptores ..... 3 puntos
- Perceptores de subsidio ou axudas ..... 2 puntos
- RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA, IMV.
- Perceptores de desemprego ..... 1 punto

##### 5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo vida laboral actualizada)

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante

- Máis de 18 meses... ..... 3 puntos
- Máis de 12 meses ... ..... 2 puntos
- Menos de 12 meses .....1 punto





## 6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: .....1 punto

## 7.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado en ESO..... 3 puntos
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos
- FP de ciclo superior..... 1 punto
- Títulos universitarios ..... 0,5 puntos

## BAREMO INCLUSIÓN SOCIAL (Cargas familiares)

Cargas familiares: terán tal consideración todas as persoas integrantes na unidade de convivencia recollida na declaración xurada (Anexo II), que presente cada aspirante a unha acción formativa e que carezan de rendas superiores o 75 % do SMI, para o ano 2023 (9.720 €), excluindo a parte proporcional das pagas extras e, polo tanto, dependan economicamente do/a aspirante, con independencia da súa idade e/ou grao de parentesco, puntuándose 0,10 por cada unha desas persoas, ata un máximo de **0,50 puntos**. No caso de que da análise do nivel de rendas se infira que os ingresos medios por persoa da unidade de convivencia supera o 75% do SMI, excluída a parte proporcional das pagas extras, non se computarán cargas familiares.

## Sexta.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN.

1. Incumprir os requisitos mínimos ou preferentes
2. Falta de documentación acreditativa
3. Falsear os datos do cuestionario.

## Sétima.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, do proceso de selección dos participantes, no proxecto formativo, serán:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor idade.
3. Teñan menor protección de desemprego.

## Oitava.- CONFECCIÓN DAS LISTA DE CADA ACCIÓN FORMATIVA.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, confeccionaranse as listas de cada acción formativa, ordenadas de maior a menor puntuación e que servirán para determinar o acceso ás 10 prazas de cada acción formativa, quedando o resto de aspirantes, en turno de reserva, en caso de producirse baixas ou renuncias o inicio das accións e antes de esgotamento do prazo de cumprimento de horas mínimas de inasistencia, establecido, nos certificados de profesionalidade que da lugar a obtención de diploma.





FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL  
*Una manera de hacer Europa*

Unión Europea



Concello de  
PONTEAREAS

### **Novena.- OBRIGAS DO ALUMNADO SELECCIONADO.**

- Asistir de xeito presencial e con regularidade á aula de formación e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do concello legalmente constituídos.

### **Décima.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

Para o desenvolvemento do proceso selectivo establecerase unha Comisión de Valoración, formada por tres membros que serán designados por resolución de Alcaldía. Todos con voz e voto e un deles actuará de secretario no levantamento de actas. Este órgano será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que posuirán unha titulación superior a esixida para participar no proceso selectivo.

A pertenza a Comisión de Valoración será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta representación por conta de ninguén. Non poderan formar parte dela, as persoas de elección ou designación política.

### **Undécima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.**

A Comisión de Valoración, queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas, para o normal desenvolvemento do proceso selectivo, ao amparo da lexislación vixente.

En Ponteareas  
Documento asinado electronicamente





FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL  
*Una manera de hacer Europa*

Unión Europea



Concello de  
PONTEAREAS

## ANEXOS

- I SOLICITUDE EDUSI: PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A INSERCIÓN PROFESIONAL DE COLECTIVOS EN RISCO**
- II DECLARACIÓN XURADA**
- III ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA**





## ANEXO I

### SOLICITUDE EDUSI: PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A INSERCIÓN PROFESIONAL DE COLECTIVOS EN RISCO

#### ACCIÓN FORMATIVA SOLICITADA

Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais  
Soldadura oxigás e MIG MAG  
Instalación e mantemento de sanitarios e elementos de climatización doméstica  
Carné do conducir B-1

Apelidos \_\_\_\_\_ Nome \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data nacemento \_\_\_\_\_ Idade \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Nº \_\_\_\_\_ Piso \_\_\_\_\_

Concello \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

**FORMACIÓN ACADÉMICA.** Indica a titulación mais alta que posúes na actualidade:

Certificado de estudos primarios .....  
Graduado escolar .....  
ESO .....  
FP1 ou Ciclo medio de .....  
FP2 ou Ciclo superior de.....  
BUP.....  
COU.....  
Proba Acceso: CM.....CS.....  
Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos:.....  
Diplomado .....  
Licenciado .....  
Grao.....  
Competencias Clave establecidas para os Certificados de Profesionalidade  
Competencia Matemática.....Nivel 2.....Nivel 3.....  
Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel 2.....Nivel 3.....  
Comunicación en Lingua Galega.....Nivel 2.....Nivel 3.....  
Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés)Nivel 2.....Nivel 3.....  
Realiza estudos na actualidade ?..... Cales ?.....







**CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS.**

Centro

Curso.....Duración.....meses, ano.....

Centro

Curso.....Duración.....meses, ano.....

Centro

Curso.....Duración.....meses, ano.....

Centro

Curso.....Duración.....meses, ano.....

**¿POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROGRAMA?**

**¿QUE ESPERA OBTENER CON ESTE PROGRAMA?**

**EXPERIENCIA PROFESIONAL.** Relacione os distintos traballos realizados:

**¿PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?.**

**¿PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA.....)?.**

**¿PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL?(En caso afirmativo, terá que acreditarlo).**

**¿POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE? INDÍQUEA (En caso afirmativo, terá que acreditarlo)**

**¿CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR E CANTOS TEÑEN INGRESOS?**

**Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos.**

Ponteareas..... de ..... de 2023  
Sinatura





## ANEXO II DECLARACIÓN XURADA

**DON/A:** \_\_\_\_\_

**DNI:** \_\_\_\_\_

**ENDEREZO:** \_\_\_\_\_

**TELÉFONO/S DE CONTACTO:** \_\_\_\_\_

Ante a convocatoria do proceso selectivo, e especialmente para os efectos de cómputo dos criterios sociais, de forma oficial e pública **DECLARA:**

1. Que ten \_\_\_\_\_ anos de idade. Data de nacemento:
2. Que o número de membros da unidade de convivencia é de: \_\_\_\_\_ persoas.
3. Que os convivintes sinalados posteriormente, conviven ou dependen economicamente do solicitante, e non perciben rentas superiores o 75% do smi, e que a suma dos ingresos da unidade familiar entre o número de membros non supera o 75 % do SMI, excluindo a parte proporcional das pagas extras.
4. Que na seguinte táboa constan todos os membros da unidade de convivencia do/a aspirante, empadroados/as no Concello de Ponteareas na súa residencia, e que non perciben rentas de calquera natureza superiores o 75 % do SMI.

### INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA (INCLUÍDO O/A CANDIDATO/A)

NOME E APELIDOS	DNI	DATA NACEMENTO	PARENTESCO	INGRESOS / PROCEDENCIA

Ponteareas..... de ..... de 2023  
Sinatura





FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL  
*Una manera de hacer Europa*



Concello de  
PONTEAREAS

### ANEXO III

### ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____	Nome _____
DNI _____	Teléfono de contacto _____
Correo _____	

Persoa participante no proceso selectivo de alumnado DO PROXECTO “EDUSI: PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A INSERCIÓN PROFESIONAL DE COLECTIVOS EN RISCO” , na acción formativa: \_\_\_\_\_

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

Ponteareas..... de ..... de 2023  
Sinatura

